

Organiza



Patrocina



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA
DE GALICIA

Colaboran



Consello de
Viagarcía
de Arousa



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Conservatorio Profesional de Música da Coruña



CICLO XV ASOCIACIÓN GALEGA DE COMPOSITORES

Programa B [CD1] Comxuntos de cámara heteroeóneos
Auditorio do Conservatorio Profesional da Coruña. 26 de setembro de 2010

Obras de: **Karolis Biveinis / José Javier López Rodríguez / Antonio Peña / Gloria Rodríguez Gil / Juan Vara / Xoán Antón Vázquez Casas / Margarita Viso**
GRUPO INSTRUMENTAL SIGLO XX
Florián Vlashi (director)
Rafael Yebra (saxofón)
Elena García-Fresca Pérez,
Paula López Vázquez,
Marina Gundín Díaz (fagotes)

Programa C [CD2] Cuarteto de corda

Auditorio do Conservatorio Profesional de Ourense. 28 de setembro de 2010
Obras de: **Ricardas Biveinis / Gabriel Bussi / Artemis Ensemble**
/ Carlos Cambeiro / Manuel Mosquera /
Paulino Pereiro / Eligio Vila

CICLO XV DA ASOCIACIÓN GALEGA DE COMPOSITORES

Programa B
Conxuntos de cámara heterexéneos

Auditorio do Conservatorio Profesional da Coruña

Domingo 26 de setembro de 2010, 20:00

GRUPO INSTRUMENTAL SIGLO XX

Florian Vlashi (violín),
Raymond Arteaga (viola), Ruslana Prokopenko (violonchelo),
Rediana Lukaci (violonchelo), Claudia Walker (fautá),
Juan Ferrer (clarinete), Casey Hill (oboé),
Alejandro Sanz (percusión) e Vera Pavlova (piano)
Florian Vlashi (director)

Rafael Yebra (saxofón)
Elena García-Fresca Pérez, Paula López Vázquez
e Marina Gundín Díaz (fagotes)

Obras de:

Karolis Biveinis
José Javier Ces Calvo
Ermitas García Ríos
Javier López Rodríguez
Antonio Peña
Gloria Rodríguez Gil
Juan Vara
Xoán Antón Vázquez Casas
Margarita Viso

Gravado polo servizo de Arquivo
Sonoro da Radio Galega.
Materizado no Estudo 5
da Radio Galega.
Técnico de son Pablo Barreiro.

KAROLIS BIVEINIS

- 4 *Danzas* (2008)
Clarinete en Sib e marimba
1. Danza I [1:56]
 2. Danza II [1:27]
 3. Danza III [4:01]
 4. Danza IV [2:13]

JOSÉ JAVIER CES CALVO

- Morno* (2008)
Violonchelo e piano
5. [8:59]

ERMITAS GARCÍA RÍOS

Cinco intrescládicos

- Clarinete, violín, violoncello e piano
6. Alalá [2:13]
 7. Pausa da complicitade [0:21]
 8. Alborada [2:03]
 9. Pausa de esperar sen prisa [0:13]
 10. Danza [1:46]

JAVIER LÓPEZ RODRÍGUEZ

- Semantic corruptions* (estrea) (2004)
Fautá, clarinete en Si bemol, violín,
viola e violonchelo
11. I. Changeable meaning [2:17]
 12. II. Appropriation [3:12]

ANTONIO PEÑA

13. *Locus Amaenus* (2000)
Saxo barítono e electroacústica
[9:43]

GLORIA RODRÍGUEZ GIL.

14. *B-A* (Agosto 2007)
Clarinete, viola e piano
[7:54]

JUAN VARA

15. *Aquel recuerdo ahora desvelado* (1996)
Óboe e vibráfono
[8:34]

XOÁN ANTÓN VÁZQUEZ CASAS

16. *Morrina Galega*, (2001)
Fautá e piano
[5:36]

MARGARITA VISO

Little Suite (estrea) (2008)

- Tres fagotes
17. I. Primeiro movemento [1:42]
 18. II. Vals [1:26]
 19. III. Alalá [1:27]
 20. IV. Rondó [2:16]

KAROLIS BIVEINIS

Ao acabar o Ximnasio de Belas Artes de M. K. Ciurlionis en Vilnius, Lituania trasladábase a Galicia, obtendo en 2002 o grao superior de piano, con matrícula de honor, no conservatorio superior de música de Vigo. Dende 2007 estuda o grao superior de composición neste mesmo centro. ■ Asistiu a master clases de composición, piano, jazz cos profesores J. Cruz-Guevara, C. Havel, J. M. Laborda, E. Zampronha, Z. Plavin, A. Serjogina, R. Jakutyte, A. Rábade, P. Charfín. ■ Obtén o 1º premio no concurso internacional de piano "N. Rubinstein" (París, Francia), o 2º no "Real Club Náutico de Vigo" (Vigo), o diploma no "Club Rotaract" (Palma de Mallorca), así como o 1º premio no concurso de música de cámara "Sonata primavera" (Vilnius, Lituania). ■ Conta con varias estreas das súas composicións na Hannover Hochschule (Alemania), "II festival de música de cámara de Vigo" (Vigo), Sala "Picasso" do MACUJ, Ciclo de concertos no claustro gótico da S.I. Catedral de Tui, Teatro municipal "Área panorámica" (Tui), Museo memorial de M. K. Ciurlionis (Vilnius, Lituania), Colabora co "Ensemble s21", "Grupo Instrumental siglo XX", "TAC", ensemble "Plathner's Eleven", Duo "Galicia XXI", "Szabo Silvera Tango", Mónica de Nut, Rasa Jakutyte, Nicasio Gradaille, Gintaras Janusevicius, Adrián Silva Magdalena... Varias das súas obras encóntranse nos catálogos dos selos "Periferia sheet music" e "Dos Acordes".

CATRO DANZAS

Trátase dunha composición camerística dun conxunto non moi común - clarinete e marimba. As catro pezas características van intercambiando

entre si co respecto ao seu carácter: dende a primeira, ata a última. Ao ser unha obra camerística, en cada unha das danzas podemos atopar a parte solista repartida entre os dous instrumentos. ■ A primeira é unha danza tranquila, un pouco melancólica, na cal destaca unha melodía moi cantabile do clarinete. A segunda caracterízase por un acompañamento dun ritmo case imparable na marimba e as intervencións do clarinete tocando o tema en frases breves e entrecortadas. A terceira caracterízase polos dous temas separados (un da marimba e outro do clarinete) que se superpoñen un sobre outro e sepáranse cunhas cadenzas de clarinete só. A última danza caracterízase por un ritmo "balcánico", moi enérxico, en 5/4 coa acentuación constantemente desprazada. ■ A composición atópase no catálogo da editora "Dos Acordes".

JOSÉ JAVIER CES CALVO

Nace en Taragoña-Rianxo en 1966. Comeza a estudar música con seu pai na Banda de Música do C.C.D. de Taragoña; prosigue a súa formación no Conservatorio da R.S.E. de Amigos del País en Santiago, acadando o Título Superior de Tuba-Bombardino, o Medio de Trombón e o sexto de Piano. Ó mesmo tempo perfeccionábase co mestre Enrique Ferrando Sastre (trombonista da ONE). En 1992 acadou a praza de Bombardino na BM de Santiago. No 94-95 obtén pola Universidade de Compostela o Certificado de Aptitude Pedagóxica. Proseguiu a súa formación na EAEM, nos cursos de composición impartidos polo mestre Antón García Abril e nas clases de análise con José Luis

Turina, e harmonía moderna con Suso Atanes. ■ Foi profesor no Conservatorio de Arzúa, na Escola do Concello de Santiago e director das Bandas de Música de Arca e Arzúa. ■ Realizou composicións para distintos grupos instrumentais: Pingueiras, Aasiamojad Ainoftatnep, Saraldara, Taragoña, Arzúa, Hipótesis... ■ Asímismo, formou parte do grupo de traballo "Potenciación da música galega", que a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais da Xunta de Galicia organizou para a composición de obras de música axeitadas aos novos currículos dos graos Elemental e Profesional.

ERMITAS GARCÍA RÍOS

Cedeira (A Coruña), 1973. ■ Estuda Harmonía e Contrapunto con R. Rodríguez Camacho. No ano 1998 obtén a titulación superior de Solfejo e Teoría da Música no Conservatorio Superior de Música da Coruña e trasladábase a Suíza para cursar no conservatorio Superior Winthertur-Zürich a especialidade de Musiktheorie co profesor Gerald Bennett, e participar en seminarios de Musicology da Universidade de Zürich, co profesor H. J. Hinrichsen. ■ Xa en Galicia, a partir do curso 2002-2003, imparte clases como especialista en Fundamentos de Composición na Escola de Música Berenguela, en Compostela, nos CMUS de Ferrol, Vigo e Superior de A Coruña. Desde o ano 2005 é profesora no CMUS "Xan Vial" de Ferrol, onde logo fai parte do equipo directivo. ■ O seu catálogo non é moi extenso pero si variado. A maioría das súas composicións xurdiron como encargo de instrumentistas. Cada peza é creada

cunha estética propia polo que para cada unha se aprecia o uso de linguaxes diferentes. Unha experiencia vital, unha persoal, un canon de porcións... case todo pode servir de inspiración. Tamén ten realizado adaptacións e composicións propias para espectáculos infantís, froito do interese pola pedagogía e as actividades que implícan quen achegue aos pequenos á música.

CINCO INTRESLÁDICOS

Cinco intresládicos está composto por una sucesión de tres pezas cortas separadas por dúas pausas de duración definida, que convidan a valorar os principios de acción e reflexión. Os primeiros números da serie Fibonacci e as simetrías marcan a estética desta composición. Partindo de elementos moi simples de inspiración folclórica sucedense: "Alalá", "Pausa do esperar sen presá", "Alborada", "Pausa da complicitade", "Danza". ■ O título é un xogo coas palabras *intre* e *lúdico* e fai referencia ao carácter desenfadado da obra, pensada a modo de divertimento, onde os intérpretes teñen campo libre para a toma de decisións en canto á maior parte dos parámetros musicais. Así, as indicacións de articulación, fraseo, dinámica e agónica están reducidas á mínima expresión, quedando estes aspectos a gusto dos intérpretes. Os títulos das partes sonoras fan alusión a ritmos folclóricos; os das partes en silencio pretenden inspirar a imaxinación de intérpretes e público durante as pausas.

JAVIER LÓPEZ RODRÍGUEZ

Obtén o título de Grao Superior na especialidade de Fruta Travesa. Realiza estudos de saxo, piano

e harmonía moderna. É licenciado en Xeografía e Historia pola especialidade de Historia da Arte. Amen da súa formación autodidacta, estudou composición durante varios anos con José Luis de Delás, profesor na Aula de Música de la Universidad de Alcalá, de Teoría e Composición no Conservatorio de Colonia, e Premio Nacional de Composición do Ministerio de Cultura en 1995. Completa a súa formación neste eido e en música contemporánea en cursos e seminarios con Tristan Murail, Philippe Hurel, Friedrich Hass, Claus-Steffen Mahnkopf, Hugues Dufourt, Eduardo Polonio, Alberto Posadas, César Camarero ou Isabel Mundry. As súas obras teñen sido interpretadas por grupos como "Intermission duo", "Galicia XXI", "Ensemble 21", "Quinteto Pentaforia", "Taller Atlántico Contemporáneo" ou intérpretes como Javier Simó, Javier Gutiérrez ou Paulo p. Tamén é autor de diversos artigos sobre musicoloxía e pedagogía musical en revistas como *Música y Educación*, *Relafare*, *Leeme (Revista da Lista Europea de Música na Educación)*, *Revista Aragonesa de Musicoloxía*, ou *Revista Galega do Ensino*.

SEMANTIC CORRUPTIONS

A intención é desenvolver tres grupos de notas sen alterar a súa natureza como altura, avanzando a través dun aparato de cohesións timbricas. Cada intre pode ser considerado como unha totalidade de resultado de distintas interaccións de eventos individuais a través de diferentes camiños de transformación sonora. O camiño inicial de cohesión do heteroxéneo troca segundo a obra avanza cara permutacións propias da "vanguardia clásica". En certo sentido, a diversidade inicial é

suprimida por un procedemento regulador. ■ O xornalista Bernard Cassen reclama decote a necesidade dunha loita social para recuperar o significado verdadeiro de verbas como liberdade ou democracia, corruptas por escuros intereses de certos grupos de poder. Lence-Edra expresa esta tensión en *Emerda a totalidade do imaxinario post-moderno*: "Estamos a transitar dunha diversidade global cara unha variada unidade dirixida". Quizais este é o "background" estético da obra que corre paralelo ó seu desenvolvemento.

ANTONIO PEÑA


Inicia a súa formación musical no Conservatorio de A Coruña, continuando nos Conservatorios de Barcelona e Badalona, con Carlos Guinoyart, Josep Soler, e Juan José Olivares, no Conservatorio Superior de Música de Salamanca con Alejandro Yagüe, Juan Carlos Asensio e Miguel Manzana, obtendo o Título Superior de Composición. ■ Licenciado en Ciencias da Música pola Universidade de A Ríoxa. Na actualidade realiza o curso de doutoramento *Música na España Contemporánea* na Universidade de Santiago de Compostela. ■

Becado en diversos cursos: "Música Electroacústica" (Cuenca) con José Manuel Berenguer, "Canto Gregoriano" (Solesmes, Francia) con Daniel Saulnier, "Música de Cine" na SGAE con Jean-Claude Petit, e Bruno Coullais, etc. ■ Como compositor salientar "Locus Amoënius" realizada no Laboratorio de Música Electroacústica de Cuenca. "Inopia" e "Música para os fogos de Amboaxe" encargos do Concello de Ferrol. ■ Participa na orquestración das bandas sonoras: "El bosque animado", "El sue-



ño de una noche de San Juan", "De profundis", "0 Apóstolo". ■ Formou parte de diversos grupos de Jazz. Fundador da primeira Big Band de Jazz de Galicia (Unión Costa Oeste, de Ferrol). ■ Como docente foi profesor nos Conservatorios. Lugo, A Coruña Na actualidade é profesor de Fundamentos de Composición no Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

LOCUS AMOENUS

Locus Amoënius foi composta no ano 2000, como resultado dunha beca concedida polo *Gabinete de Música Electroacústica* do Conservatorio de Música de Cuenca. ■ *Locus Amoënius* estruturase en tres seccións, sendo a última unha reexposición do material inicial, polo que poderíamos falar da estrutura "clásica" A - B - A'. Mais detalladamente, a forma da obra poderíamose representala da seguinte maneira:



O material sonoro utilizado está gobernado por dúas series dodecafónicas, pero que non se empregan según a ortodoxia da dita técnica, senón como un medio de organizar as alturas. As ditas series, que teñen un carácter contraposto en canto ós intervalos que enfatizan; son os seguintes:



GLORIA RODRÍGUEZ GIL

Otivo os títulos Superiores de *Solfexo*, *Piano* e *Cámara* no Conservatorio Superior de Música de Vigo, e no Conservatorio Superior de Música de Barcelona o título Superior de *Composición e Orquestración*. Estudou composición dous anos co profesor José Luis de Delás, tres con Albert Sardá e orquestración tres anos co profesor João Trillo. Recibiu clases maxistras de Maurício Sotelo, Jesús Rueda, Joan Guinjoan, Josep Soler, Cruz de Castro, Alfredo Araçil, Salvador Brotons, Consuelo Díez, Gonzalo de Olavide, David Padrós, Cesar Cano, Xavier Daniás, Xavier Benguerel, Tomás Marco, Carlos Guinoyart, Ramón Barce, Eduardo Polonio, Jesús López López, Enric Ferrer, etc. Foi seleccionada para asistir ó *Encontro de Composición* en Málagas, a través da INJUVE, onde recibiu clases de Salvatore Sciarrino, Beat Furrer, Mauricio Sotelo, Roberto Sierra, Jesús Rueda e Tomás Garrido. Tamén foi escollida para asistir ó *43 Curso Internacional de verán para Nova Música* en Darmstadt, onde recibiu clases maxistras de Helmut Lachenmann, Toshio Hosokawa, Dieter Mak, Michael Reudenbach, Adriana Hölszky, Beat Furrer, Georges Aperghis e Mark André. Estreou vinte e cinco composicións, once retransmitidas pola Radio Nacional de España, dúas por Radio Voz e outra pola Radio Televisao Portuguesa. Nove composicións foron editadas en *Perifferta Sheet Music* e unha en *Agra Nova*.

A-B

A peza foi realizada por encargo do trío galego *Kulmann* que a estreou o 18 de Outubro de 2008 en Vila-seca (Tarragona). Para a súa realización a

compositora inspirouse nas sesións ás que asistira ca terapeuta Bea, de aí o título como agradecemento á súa persoa.

JUAN VARA

Juan Vara nace en A Coruña en 1959. É autor de obras a solo, vocais, camerísticas e orquestrais, habendo recibido encargos, entre outros, da Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia e Fundación Autor (SGAE). Entre a súa produción poden sinalarse *Aparición en la distancia secreta* (orquestra de corda), *Al fondo del espejo de la noche* (orquestra), *Desde el abismo a la otra orilla* (orquestra), *Enigmas de la temporalidad* (*sobre un poema de Eloy Sánchez Rosillo*) (recitador e orquestra), *Noche más allá de la noche* (*Tres cantos de Antonio Colinas*) (soprano e piano), *Música para un poema desconocido* (conxunto instrumental), *Quién no seú corazón* (oboe e vibráfono).

AQUEL RECUERDO AHORA DESVELADO
A peza *Aquel recuerdo ahora desvelado* (1996) trae á memoria algo estraño que sucedeu nalgún momento, transformándose nunha lembranza íntima que ven a ser revivida polo diálogo que o oboe e o vibráfono plantexan. Esta obra quizá teña algún sentido para aqueles seres que hoxe en día aínda non renuncian á búsqueda da Arcadia Soñada.

XOÁN ANTÓN VÁZQUEZ CASAS

Nado en Ourense en 1964, comenza seus estudos musicais no Seminario para proseguilos nos conservatorios de Ourense, Barcelona, Santiago

de Compostela, Madrid e Vigo. ■ É profesor de Fundamentos de composición no Conservatorio de Ourense. ■ Dirixe a Coral De Ruada e a Rondalla Alecrín, a maiores integrar, como tenor e organista o Cuarteto Adagio de Ourense. Pertence a Asociación galega de Compositores dende o ano 2002. ■ Ten composto máis de 200 obras para moí variadas formacións. ■ Asemade no ano 2009 ofreceu un recital de piano, no Teatro Principal de Ourense, con obras de Santiago Masarua.

MORINA GALEGA

Partindo, como introdución, do coñecido toque de alborada, inmortalizado por Pascual Veiga na súa famosa Alborada, despregase esta obra, en forma sonata, en do menor. ■ Os temas queren ser auténticas melodías (o 2º tema, por exemplo, é unha muiñeira), e mesmo o desenrollo é unha nova melodía en tempo lento. ■ Así pois a orde tonal dos temas é: Introducción: Do M, tema A: dom, Tema B (muiñeira) Mib, tema do desenvolvemento en Sib - solm. Logo a reexposición inclúe o propio tema de Alborada, e os temas A e B da exposición ámbolos dous en dom, para concluir cunha coda. ■ En todo o movemento a frauta e o piano desenvólvense nun clima de diálogo, arropándose mutuamente e tomando sucesivamente o protagonismo melódico.

MARGARITA VISO

Margarita Viso Soto (A Coruña, 1957), musicóloga, editora, compositora, pianista e docente. Ten realizado numerosas investigacións especialmente sobre compositores galegos como Marcial del Adalid. Fundou a editorial Viso ca idea de contribuir

ao coñecimento do patrimonio musical galego. Membro da Asociación Galega de Compositores. Ten realizado concertos como pianista acompañante. Ensinou Solfexo e actualmente e pianista acompañante no departamento de canto do Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

LITTLE SUITE

Little Suite está escrita para trío de fagotes e consta dun primeiro tempo, un vals, un alalá e un rondó en G/8. É unha pequena suite xa que se trata dunha sucesión de pezas de inspiración popular aínda que non señan estrictamente danzas. A característica cor dos fagotes axuda á evocación. ■ Esta obra entra dentro dos encargos que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria realizou a Asociación Galega de Compositores no ano 2008 para proporcionar repertorio aos estudantes dos diversos instrumentos nos conservatorios profesionais.

ELENA GARCÍA-FRESCA PÉREZ,

PAULA LÓPEZ VÁZQUEZ

E MARINA GUNDÍN DÍAZ

Son alumnas do Conservatorio Profesional de Música da Coruña

RAFA YEBRA

Despois de estudar nos Conservatorio de Ourense e A Coruña participa no Seminario de Saxofón Contemporáneo da Escola de Altos Estudos do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), impartido por A. Gomis; e Seminarios de Saxofón impartidos por J. M. Londeix e M. B. Charrier, entre outros. Estrea obras de María

García-Mendoza, Pablo Beltrán, Fernando Buidé, Jesús González, Eduardo Soutullo, Eckart Beinke, José Luis Campana, Christophe Havel... ■ Rafael Yebra é profesor de saxofón no Conservatorio Superior de Música de Vigo e coordinador dos cursos Saxornadas. Paralelamente á súa actividade docente realiza concertos como solista, co Ensamble de saxofóns S@x 21, co TAC (Taller Atlántico Contemporáneo), e colabora con diferentes grupos e compositores, apostando pola creación artística e difusión da música actual. ■ No ano 2009 crea o grupo MULTIPLEMBLE, agrupación que se presentou por primeira vez dentro do Festival ARE MORE de Vigo, en colaboración co GOETHE INSTITUT de Madrid e o colectivo alemán K. Stockhausen.

GRUPO INSTRUMENTAL SIGLO XX

Florian VLASHI, director

"La ciudad de A Coruña tiene dos agrupaciones musicales de primer nivel, por lo menos dentro del panorama español. Una es la Orquesta Sinfónica de Galicia, OSG, otra es el Grupo Instrumental Siglo XX" [Maruxa Balañas - *Malgastar el patrimonio*] ■ "Unos músicos de primerísimo nivel situados en la órbita de la Sinfónica de Galicia. El resultado pueden imaginárselo... un lujo y un privilegio que sin duda no es neutral." [Julio Andrade Malde - *Tocar una historia, cantar una música*] ■ "Hablar en Galicia de música contemporánea en los últimos diez años es hacerlo del Grupo Instrumental Siglo XX que dirige el violinista albanés Florian Vlashi, un hombre de una generosidad humana

Y musical extraordinaria. [Paco Yañez - 50 velas que soplamos por ti] ■ O século XX constitúe un renacemento musical moderno. Está considerado como o século onde sucedeu o segundo gran cambio na Historia da Música. O primeiro aconteceu cando substituíronse as escalas gregas e medievais polas escalas temperadas. Iso con siderouse unha agresión do diabólico (*diabolus in musica*). ■ O segundo gran cambio sucedeu no século XX cando derrubouse o edificio tonal de casi tres séculos sustituíndose polo sistema serial ata o estocástico. Ao fin a música é libre e non hai máis códigos dominantes nin tabúes. ■ O Grupo Instrumental Século XX nace en 1996 pola iniciativa do violinista Florian Vlashi como homenaxe ao "Grande Século". A finalidade do Grupo é interpretar as mellores obras de música de cámara dende o principio do século XX ata os nosos días. Os seus membros son instrumentistas solistas da Orquestra Sinfónica de Galicia. Pro venen de máis de 10 estados diferentes e todos eles contan cunha dilatada experiencia e labor profesional de altísimo nivel neste ámbito. O número dos intérpretes varía dependendo das obras do programa a interpretar. ■ Outro fin da súa intensa e ampla actividade é a sensibilización dos novos con ese mundo fascinante que é a música contemporánea. Nos concertos didácticos "Los niños y la música moderna", conferencias-conciertos o clases abertas, o público novo achégase con naturalidade e sen complexos á música de Stravinski, Berio o Xenakis. ■ A estreita colaboración có compositor é esencial. ■ O G.I.S.XX estreou máis de 90 obras e ten un extenso repertorio con

máis de 160 obras de autores como Stravinski, Falla, R. Strauss, hasta Messiaen, Xenakis, Ligeti. Participou en diversos certames nacionais como os festivais de música da Coruña (Festival Mozart), Santiago, Salamanca, Bilbao (Festival de Música del Siglo XX), Madrid (CDMC) etc. obtendo as mellores críticas e o fervoroso aplauso do público. Os seus concertos son foron grabados por Radio Clásica, Radio Nacional de España e transmitidos por TVE 2 e polo Canal Internacional como el concerto dado no Auditorio Nacional de Música de Madrid. ■ O Grupo está aberto a novos proxectos e espazos combinando a música nova coa poesía, teatro, danza, vídeos y artes plásticas. ■ Ultimamente saíu ao mercado o seu CD "Manuel Balboa – Obra completa para conjunto instrumental" (Verso) e o DVD "O arame" ópera nun acto de Juan Durán.


FLORIAN VLASHI (director, violinista)

 "...unha persoa sen quen a música contemporánea en Galicia non sería o que é, unha persoa que crea na música actual e nos compositores que exercen o seu labor no noso país." [Paulino Pereiro - sobre la Sonata nº 2 Vlashiana] ■ "Una de las ventajas de cantar con una gran orquesta como la Sinfónica de Galicia es que está formada por músicos de gran categoría como Florian Vlashi... (Su recital) fue un concierto realmente magnífico." [Enrique Sacau - Coruña cosmopolita] ■ "Hay en su interpretación una sobresaliente ejecución técnica con una expresividad y emotividad muy adecuadas. Su digitación es immaculada y los pasajes más virtuosísticos los

afrenta con una naturalidad y confianza impresionante. ■ *Técnicamente la lectura de Vlashi me ha parecido deslumbrante.* ■ [Paco Yañez - Convicción y compromiso] ■ Naceu en Durrës (Albania) o 8 de Novembro de 1963. Empezou os seus estudos de violín á idade de 6 anos. O seu pai, escultor e director de teatro moi coñecido, Gjergji Vlashi tivo un papel decisivo no futuro de su fillo. ■ Estudou con V. Papa, R. Stefi, I. Madhi e obtivo pola Academia de Belas Artes de Tirana o primeiro posto por unanimidade. En 1989 acadou o *Primeiro Premio no Concurso de Solistas de Orquestras Sinfónicas de Albania*. Ese mesmo ano foi director e solista da *Orquestra de Corda "Jan Kukulzei"* coa que realizou moitos concertos e grabacións para RTVA, e a súa primeira xira de concertos por Italia. ■ Dende 1992 é membro da Orquestra Sinfónica de Galicia, perfeccionándose con G. Egger (Bachakademie Stuttgart) e L. Müller (Concertino da Orquestra de Camara de Viena). A súa actividade exténdese á pedagogía, publicacións sobre a estética interpretativa e actividades como conferenciante (Conservatorio Superior, Universidade da Coruña, Universidade de Santiago, Universidade da Rioxa - Logroño etc.). ■ Foi invitado a tocar na inauguración da tempada de concertos do *Centro de Arte Moderno REINA SOFIA, Fundación JUAN MARCH, Auditorio Nacional de Música de Madrid, CAIM -Salamanca, CAI- Zaragoza, na Academia de España en Roma, Instituto Cervantes en Nápoles, Estate Musicale Maffiana en Verona, Prishtina, Suiza, Sao Paulo, Montevideo, Odessa etc.* E ademais en moitos festivais de música da Coruña (*Festival Mozart*),

Santiago, Vigo, Bilbao e colaborando como solista co *Plural Ensemble* de Madrid. ■ Compositores como E. Buharaja, C. López García, J. Vara, X. De Paz, P. Pereiro, D. Malumbres, J. Durán, F. Buidel del Real, A. Koci, H. Palma, W. Rostinskij dedicáronlle obras. ■ En 1999 salíu ao mercado o seu CD *Andrés Gaoz - Integral para violín y piano* e en xullo do mesmo ano, a televisión albanesa realizou o documental *Florian Vlashi - O violín albanés en España*. É creador e director artístico do Festival de verán *Netet e muzikes klasike - Durrës (2003)*. ■ No ano 2002 a Asociación Galega de Compositores nombroulle *Socio Protector*. No mesmo ano é designado profesor do Departamento de Cordas do *Conservatorio de Betanzos* onde dirixe actualmente a *Camerana Brigantina - Orquestra de Cámara (Betanzos)*. ■ En 1996 funda o **Grupo Instrumental SIGLO XX** que dirixe dende esa data e que na actualidade está integrado por solistas da Orquestra Sinfónica de Galicia con un repertorio de máis de 160 obras e estrenando ata a data 86 obras de autores na súa meirande parte españois, sendo algunhas desas composicións encargo do propio grupo. ■ Os seus concertos foron retransmitidos por Radio Clásica de Radio Nacional de España, pola TVE 2 e polo Canal Internacional de España. ■ Florian Vlashi toca un violín francés do século XVIII de J. Bocquay.





Artemis Ensemble



Florian Vlashi

Rafael Yebra

Grupo Instrumental Siglo XX

CICLO XV AGC DA ASOCIACIÓN GALEGA DE COMPOSITORES

Programa C
Cuarteto de corda

Auditorio do Conservatorio Profesional de Ourense

Martes 28 de setembro de 2010, 20:00

ARTEMIS ENSEMBLE

Fumika Yamamura (violín primeiro),
Deborah Gonsalves (violín segundo),
Gabriel Bussi (viola)
Berthold Hamburger (violonchelo)

Obras de:

Ricardas Biveimís
Gabriel Bussi
Carlos Cambeiro
Manuel Mosquera
Paulino Pereiro
Eligio Vila

Gravado polo servizo de Arquivo
Sonoro da Radio Galega.
Materizado no Estudo 5
da Radio Galega.
Técnico de son Pablo Barreiro.

RICARDAS BIVEIMÍS

1. *Cuarteto de corda* [14:30]

GABRIEL BUSSI

Bagatella n.º 2 (marzo de 2010)

2. Andante con spirito [5:35]

CARLOS CAMBEIRO

3. *Movimento para cuarteto de corda* (1986) [7:15]

MANUEL MOSQUERA

4. *Lúdica Gráfica* [5:19]

PAULINO PEREIRO

Cuarteto de corda n.º 7. Op. 203 (estrea)

(Ferrol, xaneiro-febreiro de 2010)

5. I [6:06]

6. II [3:07]

7. III [2:36]

8. IV [2:46]

ELIGIO VILA

9. *Puer natus est* (2008) [3:34]

RICARDAS BIVEINIS

Naceu en Lituania en 1956. Entre 1974-1979 estuadiu piano no Conservatorio Tchaikovski de Moscú con T. Nikolayeva, acadando os títulos superiores de Piano, Pianista Acompañante e Concertista. En 1986 obtén o título superior de Profesor de Harmonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación, materias que cursa no Conservatorio Superior de Lituania, centro ao e incorporábase ese mesmo ano de 1986, como profesor de piano e acompañamento. Entre 1994-1999 foi decano de facultade de piano e musicoloxía. ■ Dende o establecemento da súa residencia no España, traballou como profesor de piano en diversos centros privados e públicos, sendo os seus alumnos galardoados en varios concursos nacionais e internacionais, entre os que se atopan o "Ricard Viñes", o "I Concurso ASGAIM", o "María Campina" (Portugal), "A Step Towards Mastery" (San Petersburgo), etc. Actualmente é profesor do Conservatorio Municipal de Redondela (Pontevedra). ■ Como pianista solista e acompañante ofreceu recitais en Alemaña, Cuba, España, Estados Unidos, Rusia, sendo habitual a incorporación das súas obras no programa dos mesmos. ■ No eido da composición ten no seu haber varios galardóns ("Concurso Internacional de Composición de Moscú" en 1984 e 1986; "Concurso W. Lutoslawski de obras para piano" 1994), e publicou na editorial xermana Karthause-Schumulling.

CUARTETO DE CORDA

Foi composto principalmente a través dunha linguaxe serial con desenvolvemento lineal independente, prevalecendo a estética neomodul sen renunciar a procedementos contrapuntísticos.

GABRIEL BUSSI.

Actualmente Profesor da Orquestra Sinfónica de Galicia, obtivo a súa educación musical en varios países e continentes. Naceu en Uruguai e realizou os seus estudos principais en Alemaña onde licenciouse en Berlín cos Profesores violinistas Christoph Poppen e Ulf Wallin. Estudou composición cos Profesores Gerhard Tittel e Jürgen Ganzler, estreando neses anos varias obras de encargo, entre as cales destacan un cuarteto de cordas, unha ópera infantil (sobre un libreto propio) e unha sonata para frauta e piano. ■ Foi premiado en varios concursos de interpretación e composición e foi bolseiro de numerosos festivais de música en varios países. As súas composicións e arranxos foron interpretados con regularidade por Young Artists International (Los Angeles), incluíndo gravacións e retransmisión por radio. ■ Obtivo o título Master of Music co Dr. Eduard Schmjeder como bolseiro de SMU/Dallas en EE.UU., perfeccionando os seus estudos en composición co Dr. Robert Frank. ■ As súas obras foron interpretadas en varios países e continentes. As próximas estreas serán *Ave Maria* para coros mixto e infantil e orquestra, *Noche de Navidad* sobre un texto propio

para coro infantil e orquestra, ambas dúas pola Orquestra Sinfónica de Galicia, e un proxecto didáctico para a enseñanza infantil. *BAGATELLA Nº 2*

A *Bagatella nº 2*, é un breve estudio para cuarteto de corda, que, aínda formalmente fundado no estilo clásico centroeuropeo, combina varios estilos e influencias latinoamericanas, intentando atopar un estilo latino "universal".

CARLOS CAMBEIRO

Carlos M. Cambeiro Alís nace en Barcelona en 1958, realiza os seus estudos musicais no Conservatorio Superior Municipal de Música desta cidade, cos mestres Josep Poch, José García Gago y Carles Guinovart (Harmonía, Contrapunto e Fuga), Manuel Oltra (Formas Musicais), Josep Crivillé (Folklore), Josepina Monmany (Piano) Josep Soler (Composición e Instrumentación). Continua os seus estudos co compositor Román Alís no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid. É titulado Superior en Composición. A súa actividade profesional desenvólvese como orquestrador, aranxador, compositor e pedagogo, e algúns dos seus traballos están recollidos en gravacións de CD, LP e Casete. Actualmente é Profesor Titular de Fundamentos de Composición no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde imparte as materias de Composición e Análise da Música do Século XX. Asemade, foi membro integrante dos grupos de traballo que elaboraron os currículos de música LOGSE e LOE para a CC-AA. de Galicia. É recoñecida a súa faceta como relator en cursos de análise de partituras, especialmente no que se

MANUEL MOSQUERA

Nado en A Coruña no ano 1955, inicia os seus estudos musicais no Conservatorio da cidade dos instrumentos guitarra e frauta. O seu primeiro estreno foi en Vigo no Festival Musical do Vran 1980 coa súa obra op.1. Introdución e Allegro para clave e guitarra. ■ Outras obras son "Edipo Rei" para grupo instrumental, estreada polo grupo de teatro dirixido por Manuel Lourenzo. Fotosintese (1985) dirixida, na súa primicia, por

refire á música do século XX. Ten obras publicadas pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia e pola editorial Dos Acordes.

MOVIMIENTO PARA CUARTETO DE CUERDA

O Movemento para Cuarteto de Corda, obra composta en 1986, estreouse no Museo de Belas Artes da Coruña o 15 de febreiro de 2009, dentro do XIII Ciclo de concertos da Asociación Galega de Compositores, interpretada polo cuarteto de corda Artemis Ensemble. A obra está concibida como un estudo da disonancia, a través dunha linguaxe cromática libre na que predominan as formacións por cuartas e quintas e unha ampla intervalica. O contrapunto, principalmente imitativo, se combina con líneas melódicas en novenas menores e fragmentos homorrítmicos. ■ O movemento, escrito en forma de sonata, presenta unha estrutura ternaria bitemática cun amplo desenvolvemento, ao que lle segue a reexposición e unha coda. A partitura, fundamentalmente rítmica e colorista, combina a técnica tradicional coa contemporánea.

Jesús Villa-rojo, director do L.I.M. Tres pezas para quinteto de vento, adicadas a X. Berdullas, interpretadas polo quínteto Aulos. ■ Tamén obras para guitarra como *Plaint* for García-Lorca, Concertino para guitarra e orquesta, estreado por Eulogio Albalat. Florian Vlashi, director do grupo instrumental "s.XX", interpretou varias obras de cámara como "tres Impromptus".

LÚDICA GRÁFICA 2

Lúdica Gráfica 2 para cuarteto de corda é unha segunda versión cunha escritura musical tradicional, verquida dunha primeira versión que fora escrita de maneira gráfica na que os instrumentos mudan os timbres de vento-madeira e metal en instrumentos de corda. Esta é unha versión aberta a sucesivas incorporacións posteriores.

Pautino Pereiro

(A Coruña, 1957)

Compositor de música sinfónica e de cámara, cun catálogo de 205 obras. A súa música interprétase en países de Europa e América. Participou na creación da *Asociación Galega de Compositores* da que foi Presidente. ■ Como compositor de música escénica realizou, entre outros, os traballos (finalistas do premio *María Casares*): *O barbeiro de Sevilla*. Op. 65 e *Cyano de Bergerac*. Op. 72 (ambas gravadas en CD pola OSG, baixo a dirección de Alejandro Posada). ■ Entre as súas estreas sinfónicas salientan: *Sinfonía nº 1*, "Paisaxes imaxinárias". Op. 62 (OSG, dirixida por Antoni Wit). *O inferno de Dante*. Op. 61 (Real Filharmonía, Antoni Ros Marbá). *Orfeo e Dionisios*. Op.

67 (Real Filharmonía, Maximino Zumalave). *Ceo*. Op. 54 (Orquestra Sinfónica de Galicia, Eiji Que).

■ A súa música de cámara foi interpretada entre outros por Antoni Besses (*Variacións Beiras*. Op. 48, gravadas en CD), Herre-Jan Stegenga, Florian Vlashi, David Ethève, Iatiana Prezevalskaja, Antonio Arias, Shostakovich Ensemble, o pianista Jean-Pierre Dupuy, Emmanuel Ferrer, Grupo Instrumental Siglo XX, o cuarteto de violonchelos Chelicia, Luis Perandones e o Galatea Quartet. ■ Como escritor (membro da AELG) publicou obras de variados xéneros (ensaíos sobre música, teatro, novelas, poesía, libros de relatos e traducións).

CUARTETO DE CORDA Nº 7. OP. 203.

Foi composto en Ferrol entre o 17 de xaneiro e o 9 de febreiro de 2010.

ELIGIO VILA

Eligio Vila, nace en Lantaño (Portas), Pontevedra o 1 de xaneiro de 1943. Estudou no Conservatorio Profesional de Música de Pontevedra, e nos superiores de Vigo, A Coruña e Madrid, onde acadou o título de Profesor Superior de Armonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación. Desde a presentación de "Variacións para Orquesta" en 1993, pola Orquestra Sinfónica de Galicia no Palacio de Congresos de A Coruña, as súas obras interprétanse habitualmente en Galicia, España, Portugal e Venezuela. En 1995 estrea Secuencias "Nocturno" en Caracas coa Orquestra Sinfónica de Venezuela. Obra que en 1997 sería editada polo IGAEM na colección de música culta "Ars Galliae et Musicae". En 1998 estrea "Cantos y Ritmos

Salvajes" na Universidad Centro-Occidental. Lisandro Alvarado, no estado de Lara, coa Orquestra Sinfónica de Lara (Venezuela). Neste mesmo ano a Orquestra Sinfónica Municipal de Caracas, co gallo da conmemoración do V Centenario da chegada de Colón a Venezuela, interpretáa na Aula Magna da Universidad Central de Venezuela, e en 2008 sería presentada pola Orquestra Sinfónica de Galicia no Palacio da Ópera da Coruña. En 1999 a "Fundación Festival Internacional de las Artes" (Isla Margarita), Venezuela, encargalle "Sinfonietta", e en 2004 presentouna a OSG no Palacio da Ópera da Coruña.

PUER NATUS EST

Esta obra é un "canto de berce" composta para o nacemento do seu primeiro neto Alejandro Vila Posada e estreada o día do bautizo na Basílica de Santa María en Pontevedra o 6 de xuño de 2009.

ARTEMIS ENSEMBLE

FUMIKA YAMAMURA, Violín 1º

DEBORAH GONSALVES, Violín 2º

GABRIEL BUSSI, Viola

BERTHOLD HAMBURGER, Violonchelo

Foi fundado en 1990 en Viena, en torno á actividade musical de Deborah Gonsalves e Berthold Hamburger. Desde entón, realizou numerosos concertos por Europa, Asia e Suramérica, formando diversos conxuntos clásicos e contemporáneos coa colaboración de intérpretes invitados. ■ O seu repertorio comprende obras desde a época clásica ata o presente, incluíndo pezas compostas especialmente para a propia agrupación. Cabe destacar a intensa actividade como trio de pia-

no durante máis dunha década coa renombrada pianista xaponesa Mariko Moritani e a recente colaboración co célebre pianista madrileño Daniel del Pino. ■ Actualmente formado por catro músicos da Orquestra Sinfónica de Galicia, *Artemis Ensemble* amplía o seu repertorio, centrándose no cuarteto de cordas clásico. En Galicia, onde ubícase actualmente a súa residencia, está presente en numerosas localidades das catro provincias –incluíndo as capitais– e participa en ocasións especiais, como foi os concertos extraordinarios para o 15º Aniversario da Orquestra Sinfónica de Galicia, os ciclos da Asociación Galega de Compositores, ou as edicións 2009/10 do Festival Mozart de A Coruña. Ademais, *Artemis Ensemble* desexa fomentar a música de compositores galegos. De feito, o presente CD é o segundo que inclúe a primeira gravación de varias obras de compositores galegos ou residentes en Galicia. ■ Aparte da actividade concertante, os membros de *Artemis Ensemble* están profundamente dedicados ao ensino e a divulgación da música no ámbito pedagóxico. Participan como titores en varios proxectos e festivais xuvenís e realizan concertos didácticos para todas as idades. ■ Entendendo a arte da música como un servizo á sociedade, o *Artemis Ensemble* está comprometido co benestar dos máis desfavorecidos. Por iso, una parte importante dos seus ingresos van como donativo a *Aldéas Infantís SOS*, e concretamente a unha aldea infantil en Redondela (Pontevedra).